

INSTRUCCIÓN SOBRE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN BENOURENSE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

- PROGRAMA BENOURENSE SAF BÁSICO
- PROGRAMA BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO
- PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA - PAI
- PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA - SERVIZO COMPLEMENTARIO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

Nas bases reguladoras dos Programas de cooperación BenOurense, recóllese como obriga das entidades subvencionadas a de

“identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense (...)”

A tales efectos teranse en consideración e serán de obrigado cumprimento o disposto nestas Instrucións:

PRIMEIRA.- Nos centros/concellos/sedes onde se desenvolvan actuacións e/o traballen os profesionais subvencionados polos programas BenOurense e/o BenOurense Infancia deberase colocar un cartel identificativo en tamaño A3, nun lugar de acceso ao público, exterior e con suficiente visibilidade no que se faga constar o cofinanciamento da Deputación de Ourense.

FACILÍTANSE OS MODELOS DE CARTEIS

SEGUNDA.- Calquera documento relativo e/ou vinculado coas actuacións ou profesionais subvencionados con cargo ós Programas BenOurense e/ou BenOurense Infancia, incluído comunicación escritas coas persoas beneficiarias ou calquera outra análoga, levarán de forma visible a constancia do cofinanciamento da Deputación de Ourense.

No caso de que, con motivo dalgunha das actividades e/ou participación dalgúns dos/as técnicos/as subvencionados/as polo Programa BenOurense e BenOurense Infancia se realicen certificados de asistencia, diplomas acreditativos, premios ou calquera outra clase de recoñecemento impreso, deberán conter o logo oficial da Deputación de Ourense, nun lugar visible e cun tamaño proporcionado ao resto dos logos que nel se reseñen.

FACILÍTASE O NOVO LOGO da DEPUTACIÓN DE OURENSE

TERCEIRA.- En caso de que a información se realice de forma electrónica (páxina web, comunicación por mail e outros), e/ou material audiovisual (publicidade en radio, presentación públicas etc) aplicárase, por analogía, o antedito en relación a carteis e/ou publicacións físicas.